

CIRCULAR INFORMATIVA

CONVOCATORIA da elección de representantes ao Consello Escolar das nais, pais e titores/as legais do alumnado

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18-09-2024), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:


Primeiro.- Conforme o establecido no artigo 11 apartado 13 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, corresponde elixir no presente proceso electoral a **1** nai, pai ou titor/a legal que rematarían o seu mandato en 2028 dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar (contando o/a representante da ANPA).

Segundo.- Son electores todas as nais, pais ou titores/as legais do alumnado matriculado neste Centro e incluídos/as no Censo correspondente exposto no taboleiro de anuncios do centro e visible unicamente desde o interior, a partir da data desta convocatoria. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 5 de novembro.

Terceiro.- Son elixibles os pais, nais ou titores/as legais que, estando incluídos no Censo electoral correspondente, formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilita na Secretaría do Centro. As candidaturas poderanse presentar a partir da data desta convocatoria e ata as 14:00 horas do día 5 de novembro.

Cuarto.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público o, entre as nais, pais e titores/as legais que non se presenten como candidatos/as, o día 6 de novembro, ás 17:55 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro nais/pais, actuando de secretario/a o/a de menor





idade.

Quinto.- A campaña electoral comprenderá dende a data de proclamación de candidatos/as ata o 17 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro. O día 18 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

Sexto.- Poderán actuar como supervisores da votación as nais, pais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados, cando menos, pola firma de 10 electores/as.

Sétimo.- As votacións realizaranse neste Centro o día 19 de novembro, de 15:40 a 17:50 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 15:30 horas.

Oitavo.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **dun** nome dos/as candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado. Non se admitirá o voto por correo.

Noveno.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e, unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.

Décimo.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Miño, na data da sinatura electrónica.

O Director do Centro e Presidente da Xunta Electoral,

Asdo: Juan Luis García Díaz

